

LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, CONCELEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local en sesión ORDINARIA celebrada o dez de abril de dous mil trece, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

11/230 PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE RESTAURANTES, POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDA E ATRACCIÓN INFANTIL NO ARDE LUCUS 2013 PRORROGABLE.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 4 de abril de 2013 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- I. Bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación para a autorización de instalación de restaurantes, postos de elaboración de comida e atracción infantil no Arde Lucus 2013 prorrogable, elaboradas polo Departamento de Xuventude deste Concello.
- II.- Informe do Departamento de Xuventude xustificativo do canon mínimo para aboar polos interesados para cada tipo de posto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O Concello de Lugo, no marco da festa ARDE LUCUS 2013, prorrogable para o ano 2014 e 2015, desexa autorizar a instalación de varios postos para restaurantes e de elaboración de comida así como novidade un posto de atracción infantil en terreos de dominio público habilitados para iso polo propio Concello durante **os días 14,15 e 16 de xuño de 2013.**

Ó tratarse dun uso común especial pola intensidade deste que se realiza, e tal e como establece o R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), estará suxeito a licenza. O artigo 77.2 do mesmo regulamento establece que estas licenzas se outorgarán directamente, salvo se por calquera circunstancia se limitase o uso das mesmas, en cuxo caso o serán por licitación e, se non fose posible, porque todos os autorizados reuniran as mesmas condicións, mediante sorteo.

No suposto de referencia, o número de postos está limitado a 10 en total e nos lugares delimitados para iso e que figuran nos planos anexos ás bases, razón pola que se propón a aprobación dunhas bases que rexerán no procedemento de licitación que se levará a cabo.

Segunda. En canto ó órgano competente para a aprobación do procedemento de licitación para a concesión das autorizacións, o artigo 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano.”

Código Seguro de verificación:1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==	PÁGINA 1/15



1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Ilmo. Sr. Tenenta de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo en substitución da Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTINEZ, Alcalde Presidente en funcións do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS) e a Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE RESTAURANTES, POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDA E ATRACCIÓN INFANTIL NO ARDE LUCUS 2013 PRORROGABLE que, elaborados polo Servizo de Contratación e Fomento, a continuación literalmente se transcriben:

“BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE RESTAURANTES, POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDA E ATRACCIÓN INFANTIL NO ARDE LUCUS 2013 PRORROGABLE ”

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.


O obxecto das presentes bases é o outorgamento de autorizacións para a instalación dos postos de restaurantes, postos de elaboración de comidas e atracción infantil durante as festas de Arde Lucus 2013 nos espazos que se identifican nos Anexos e que levarán aparellada a autorización para esta instalación nos lugares habilitados para elo polo Concello.

SEGUNDA.- MODALIDADE, CANON E SITUACIÓN.

1. As licencias outorgaranse despois da licitación, que será convocada polo órgano competente do Concello.
2. Os titulares das autorizacións para a ocupación do terreo público estarán obrigados a satisfacer:

Por unha banda unha taxa fixa prevista na Ordenanza fiscal 152 “taxa por aproveitamento da vía pública” (Epígrafe E, apartado A) Postos, barracas , espectáculos ou atraccións: por m² ou fracción de terreo ocupado por día, 0,88€/m².

Código Seguro de verificación: 1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==	PÁGINA 2/15
 1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==			

Por outra, un canon (prezo) como contraprestación ó beneficio obtido polos adxudicatarios dos postos de restaurante sendo o canon mínimo o indicado a continuación e sobre o que os licitadores deberán ofertar á alza xa que é un criterio de adxudicación da presente licitación

Dacordo co anterior e tendo en conta os m2 de cada posto e a duracion da ocupación **resultan as seguintes taxas:**

RESTAURANTES:

Parcela 2 (segundo plano da Pr. da Soidade) 16mx10m: 422,4€
 Parcela 3 (segundo plano da Pr Anxo Fernández Gómez) 8,50mx20m: 448,80€
 Parcela 4 (segundo plano da Pr Anxo Fernández Gómez) 8,50mx20m: 448,80€

POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDAS:

Parcela 2A (segundo plano da Pr. da Soidade) 3mx2m: 15,84€
 Parcela 3A (segundo plano da Pr. da Soidade) 3mx2m: 15,84€
 Parcela 4A (segundo plano da Pr. da Soidade) 4mx2m: 21,12€
 Parcela 5A (segundo plano da Pr. da Soidade) 4mx2m: 21,12€
 Parcela 6A (segundo plano da Pr. da Soidade) 6mx3m: 47,52€
 Parcela 7 (segundo plano da explanada do Pavillón Municipal) 3mx4m: 31,68€
 Parcela ATRACCION INFANTIL (Pza da Constitución) 6mx3m : 47.52€

Os prezos de saída do canon son:

RESTAURANTES:

Parcela 2 (segundo plano da Pr. da Soidade): 2.227,20€
 Parcela 3 (segundo plano da Pr Anxo Fernández Gómez): 2.366,40€
 Parcela 4 (segundo plano da Pr Anxo Fernández Gómez): 2.366,40€

POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDAS:

Parcela 2A (segundo plano da Pr. da Soidade): 147,90€
 Parcela 3A (segundo plano da Pr. da Soidade): 147,90€
 Parcela 4A (segundo plano da Pr. da Soidade): 197,20€
 Parcela 5A (segundo plano da Pr. da Soidade): 197,20€
 Parcela 6A (segundo plano da Pr. da Soidade): 295,80€
 Parcela 7 (segundo plano da explanada do Pavillón Municipal): 197,20€

ATRACCION INFANTIL

Pza da Constitución : 6mx3m : 626,91€

3.- As localizacións dos restaurantes ,dos postos de elaboración de comidas, a atracción infantil e a súa distribución queda determinado nos planos anexos a estas bases.

Cada solicitante só poderá ser adxudicatario dunha única parcela se ben poderá na solicitude indicar un máximo de duas parcelas (excepto a atracción infantil) por orden de prioridade.

4.- Os adxudicatarios das parcelas 2,3, e 4 deberán asumir o gasto da adquisición de 200 vasos promocionais, cada un a 3 euros cada vaso, sendo así 600 vasos en total, todo elo de conformidade coa base 10ª

TERCEIRA.- DURACIÓN DA OCUPACIÓN DURANTE O ARDE LUCUS 2012

1.- A autorización da ocupación terá unha **vixencia durante a festa do Arde Lucus 2013 prorrogable ano a ano ata un máximo de 3 anos en total (ano**

Código Seguro de verificación:1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==	PÁGINA 3/15



ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13x170110230

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-4-2013

2015) se ben as datas de montaxe e desmontaxe das paradas, así como o tempo de funcionamento para cada anualidade, serán fixados polo Concello cada ano, sempre durante o mes de xuño.

2.- Para o ano 2013 as paradas poderán iniciar o montaxe o día 13 de xuño e comezar a actividade ó día 14 ó mediodía, manteranse en funcionamento ata o día 16 de xuño pola noite cando procederán ó desmontaxe.

No caso da parada número 7, situada na explanada do pavillón municipal, a apertura levarase a cabo dende media hora antes do comezo dos espectáculos ata media hora despois de que este remate.

3.- O primeiro día do Arde Lucus, cando se proceda á inauguración da festa, deberán estar montadas as paradas obxecto de adxudicación. En caso de non ser así perderán automaticamente os dereitos á ocupación dos terreos adxudicados, así como á devolución das cantidades satisfeitas na adxudicación e sen ningún tipo de indemnización.

4.- Os accesos ós colexios, institucións e negocios privados, así como o paso necesario para os vehiculos de emerxencia permanecerán libres de obstáculos e garantidos en todo momento.

5.- O adxudicatario non poderá proceder ó montaxe da parada ata que o representante do Concello non lle sinala a localización e os límites da súa parcela.

CUARTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE LICITACIÓN. REQUISITOS

A autorización do uso especial do dominio público mediante ocupación temporal dos espazos sinalados realizarase mediante licitación pública a fin de garantir o principio de igualdade e concorrencia dos posibles interesados mediante **procedemento aberto** (art. 78.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais)

Están facultados para tomar parte no procedemento as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e estean dados de alta e ó corrente no pagamento no I.A.E no epígrafe correspondente ou se comprometan a darse de alta con anterioridade á celebración da festa


Así mesmo os licitadores deberán atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. O Concello comprobará de oficio que se atopa ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo e coa AEAT a cuxo efecto deberán autorizar a este Concello para acceder a estes datos, caso contrario deberá acreditar o cumprimento deste requisito coa correspondente certificación.

Poderán presentarse a este procedemento cooperativas e socios cooperativos individualmente se ben neste caso o cumprimento de tódolos requisitos, en particular a alta no IAE e os seguros de responsabilidade civil deberán referirse ó solicitante.

QUINTA. INDEMNIZACION POR DANOS NO DOMINIO PÚBLICO. IMPOSICIÓN DE SANCIONES.

Cando o aproveitamento especial levase consigo a destrucción ou estrago do dominio público o beneficiario estará obrigado a reparar os desperfectos

Código Seguro de verificación:1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==	PÁGINA 4/15
			
1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==			

ocasionados a súa costa e ademais poderánse impoñer as sancións establecidas no Título XI da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime local.

Se os danos fosen irreparables o beneficiario indemnizará ó Concello de Lugo na contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do estrago causado e quedará imposibilitado para participar nos procedementos para autorización da instalación de postos nas vindeiras edicións do Arde Lucus nos catro anos seguintes.

SEXTA. ANUNCIO DE LICITACIÓN. DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA A PRESENTAR POLOS INTERESADOS EN PARTICIPAR NO CONCURSO

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es/perfilcontratante/outros)

O prazo de presentación da documentación será de **TRINTA DIAS HÁBILES** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo (Ronda Muralla 197 27002 Lugo), en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá achegar o xustificante da data de imposición do envío en Correos e comunicarlle ó Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día a remisión da oferta (fax. 982.29 72 59)

Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

SÉTIMA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR


Os interesados en participar presentarán **DOUS SOBRES PECHADOS**, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento (PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE RESTAURANTES, POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDA E ATRACCION INFANTIL NO ARDE LUCUS 2013 PRORROGABLE) , nome do interesado, dirección, teléfono e fax, correo electrónico para os efectos de notificacións.

Os ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e letra B, OFERTA ECONÓMICA.

Dentro do SOBRE A DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA incluírase a seguinte documentación:

- 1.- ANEXO I .- Solicitud conforme o modelo debidamente cumprimentado
- 2.- ANEXO II .- Declaración responsable conforme o modelo de que o licitador se atopa ó corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) , co Concello de Lugo e coa Seguridade Social e de cumprir

Código Seguro de verificación:1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==	PÁGINA 5/15
 1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==			

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13x170110230

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-4-2013

durante o Arde Lucus as disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo e levar a cabo as medidas de prevención de riscos laborais.

Poderá achegarse no momento da presentación da solicitude os certificados correspondentes acreditativos do cumprimento destes requisitos, tendo que estar vixentes no momento da festa. Caso contrario o interesado presentará o certificado expedido pola Seguridade Social e pola Axencia Estatal da Administración Tributaria no seu caso **nos dez días hábiles seguintes á notificación da resolución en virtude do cal se concede autorización para a instalación do posto.**

No caso de que o interesado autorice o acceso por parte do Concello ós datos persoais referentes ó cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria non será preciso achegar dito certificado xa que se comprobará de oficio. A comprobación do cumprimento de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo realizarase de oficio polo Concello.

A adxudicación quedará condicionada á comprobación do cumprimento destes requisitos a cuxo efecto o Concello de Lugo verificará estas circunstancias.

Xunto cos anteditos anexos deberá achegarse así mesmo dentro do SOBRE a seguinte documentación:

1. - **DNI do licitador**, se se trata de empresario individual, ou **escritura de constitución** se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

2. - Presentación da **alta no epígrafe correspondente do I.A.E.** e, se é o caso, copia do pagamento do último recibo do dito imposto.


Dada a especial natureza da actividade admitirase a aqueles licitadores que no momento da solicitude non estiveran dados de alta por tratarse dunha actividade estacional en cuxo caso deberán achegar unha declaración responsable comprometéndose a estar dado de alta nas datas da festa (conforme o modelo do ANEXO II)

A adxudicación do posto quedará condicionada á presentación da alta no IAE, que deberá ser presentada **cunha antelación mínima de 10 días antes do día de inicio da festa.**

3. - Para as instalacións destinadas a **venta de alimentos e bebidas, copia da póliza de responsabilidade civil** xeral para obxeto do contrato responsabilidade civil patronal e da responsabilidade civil productos-alimentos suministrados que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores como para usuarios debendo incluírse os riscos por intoxicación alimentaria ou por incumprimento normativa hixienico-sanitaria, cunha cobertura mínima de 500.000 euros por siniestro, sendo o sublímite por vítima de 150.000 €. **Para a atracción infantil, copia da póliza de Responsabilidade Civil** xeral para obxeto do contrato con inclusión da responsabilidade civil patronal, que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores como para usuarios, con un límite mínimo de 300.000 € por sinistro e un sublímite por vítima non inferior a 150.000 €.

- Copia recibos ingresados en relación das pólizas de referencia.

Código Seguro de verificación:1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==	PÁGINA 6/15
			
1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==			

- Ademais dos seguros obligatorios por lei, pola prestación de actividade obxecto do contrato.

A seguridade dos postos de venda de mercadorías e da súa instalación será responsabilidade dos propietarios destes os cales disporán dos certificados técnicos que o avalen.

4.- **Fotografías recentes** do posto de venda e da súa decoración, así coma das mercadorías expostas a venda e calquera outro material que considere necesario para poder valorar a adaptación do posto en cuestión á época representada e calquera documentación que considere necesario presentar para baremar a solicitude.

5. - **Bosquexo acoutado da instalación** onde se concreten as dimensións e o espazo a ocupar e declaración da potencia eléctrica.

O SOBRE B: OFERTA ECONÓMICA conterá a seguinte documentación:

O Sobre B incluirá unicamente o ANEXO III Oferta económica debidamente cuberta

A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN EN SOBRES ABERTOS OU A PRESENTACIÓN DENTRO DO SOBRE A DA OFERTA ECONÓMICA QUE DEBA IR DENTRO DO SOBRE B IMPLICARÁ A EXCLUSIÓN DO PROCEDIMENTO. OITAVA.- PERIODO DE VIXENCIA DAS ADXUDICACIÓNS E PAGO DO CANON E TAXAS

1.- A licenza terá **vixencia durante a festa do Arde Lucus 2013, e terá carácter prorrogable ano a ano ata un máximo de 3 anos en total (ano 2015)**, para a que a prórroga sexa efectiva deberá presentarse obrigatoriamente a solicitude de prórroga no **mes de febreiro** de cada ano quedando en todo caso esta petición subordinada á decisión municipal sen que a denegación de prórroga poda supoñer en ningún caso indemnización algunha.

Para cada ano o adxudicatario aboará a taxa por aproveitamento da vía pública que se aprobe anualmente así como o canon ofertado actualizado en base o IPC.

Na resolución da solicitude de prórroga indicárase os importes a pagar, de non aboar a taxa e canon nos prazos indicados enténdese que renuncian á prórroga solicitada.

2.- A canon ofertado (prezo) correspondente ás festas ingresarase na conta bancaria que se indique polo Concello con indicación do nome do adxudicatario, DNI ou NIF e indicando expresamente 'adxudicación Restaurantes Arde Lucus-2013', **nos dez días hábiles seguintes á notificación da resolución en virtude do cal se concede autorización para a instalación do posto.**

O adxudicatario deberá aboar as taxas conforme a normativa vixente.

Caso de que o interesado non achegara xunto coa solicitude os correspondentes certificados expedidos pola Seguridade Social e pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, deberán achegarse **nos dez días hábiles seguintes á notificación da resolución en virtude do cal se concede autorización para a instalación do posto.**

3.- De non aboarse as taxas e o prezo (canon) ofertado nos prazos establecidos e en todo caso antes da celebración da Festa quedará extinguida e sen efecto a

Código Seguro de verificación: 1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==	PÁGINA 7/15



1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==

autorización e a parcela quedará a libre disposición do Concello que poderá adxudicala a outra persoa a través do procedemento establecido na Base décima.

NOVENA: CRITERIOS DE ADXUDICACION:

A) Criterios de adxudicación para Restaurantes (ata un máximo de 100 puntos)

1.- Oferta económica (ata 60 puntos)

Obterán a máxima puntuación neste apartado (60 puntos) o licitador que oferte o canon máis alto para cada parcela. Obterán 0 puntos aqueles licitadores que non melloren o prezo de saída do canon da licitación e o resto das ofertas valoraranse de forma proporcional.

2.- Número de vales de comida entregadas ao Concello (ata 20 puntos).

Obterá a máxima puntuación o licitador que aporte o maior número de vales de balde para comidas entregadas ao Concello para facer fronte ós gastos de organización. Obterán 0 puntos os que non aporten vales de balde ao Concello, e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

Os vales de comida terán un valor de 15€ cada vale e se corresponderá cunha comida no restaurante do adxudicatario.

3.- Adaptación á época na que transcorre a festa (ata 20 puntos).

Obterán a máxima puntuación neste apartado (20 puntos) os licitadores que presenten un restaurante máis fidedigno á época romana, valorarase a decoración, os menús, os uniformes dos empregados,...

No caso de producirse empate no cómputo das puntuacións primará a oferta económica.

Quedarán excluídos do procedemento aqueles licitadores que á vista da documentación presentada, en particular as fotografías ou descrición da decoración das paradas, vestimenta e produtos ou materias á venda non resulten conformes coas esixencias destas bases por non ser acordes coa temática da Festa ou por supoñer un incumprimento das obrigas establecidas na base décima.

B) Criterios de adxudicación para Postos de Elaboración de Comidas:

1.- Oferta económica (ata 60 puntos)

Obterán a máxima puntuación neste apartado (60 puntos) o licitador que oferte o canon máis alto para cada parcela. Obterán 0 puntos aqueles licitadores que non melloren o canon da licitación e o resto das ofertas valoraranse de forma proporcional.


2.- Adaptación á época na que transcorre a festa (ata 40 puntos).

Obterán a máxima puntuación neste apartado (40 puntos) os licitadores que presenten un restaurante máis fidedigno á época romana, valorarase a decoración, os menús, os uniformes dos empregados,...

No caso de producirse empate no cómputo das puntuacións primará a oferta económica.

Quedarán excluídos do procedemento aqueles licitadores que á vista da documentación presentada, en particular as fotografías ou descrición da decoración das paradas, vestimenta e produtos ou materias á venda non resulten conformes coas esixencias destas bases por non ser acordes coa

Código Seguro de verificación: 1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==	PÁGINA 8/15
 1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==			

temática do mercado romano ou por supoñer un incumprimento das obrigas establecidas na base oitava.

C) Criterios de adxudicación para Posto de Atracción Infantil

1.- Oferta económica (ata 60 puntos)

Obterán a máxima puntuación neste apartado (60 puntos) o licitador que oferte o canon máis alto para a parcela. Obterán 0 puntos aqueles licitadores que non melloren o canon da licitación e o resto das ofertas valoraranse de forma proporcional.

2.- Adaptación á época na que transcorre a festa (ata 40 puntos).

Obterán a máxima puntuación neste apartado (40 puntos) os licitadores que presenten unha atracción máis fidedigna á época romana, valorarase a decoración, os uniformes dos empregados,...

No caso de producirse empate no cómputo das puntuacións primará a oferta económica

NOVENA: PROCEDIMENTO.

O acto público de apertura das proposicións dos interesados celebrarase ó segundo día hábil posterior ó remate do prazo de presentación agás nos casos de documentación presentada por correo que non se recepcione en prazo. A comisión avaliadora calificará a documentación administrativa contida no sobre A podendo conceder un prazo máximo de dez días hábiles para a subsanación de erros.

A Comisión valorará a documentación presentada e as ofertas económicas (dentro do sobre B) e realizará unha proposta de adxudicación ó órgano competente do Concello elaborando unha lista de solicitude por cada categoría de venda e dentro desta por orde de puntuación para utilizar no proceso de adxudicación directa.

A Comisión avaliadora quedará constituída polas seguintes persoas:

- A Concelleira Delegada de Cultura, Turismo , Xuventude e Promoción da Lingua.
- Un/unha traballador/a da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo , Xuventude e Promoción da Lingua.
- O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario/a que o substitúa, que actuará como secretario.

Se trala selección pola Comisión quedasen postos sen cubrir, esta invitará ós interesados que presentaron oferta pero non foron seleccionados por calquera circunstancia ós efectos de que, si o estiman oportuno, presenten no prazo máximo de cinco días hábiles dende a invitación nova oferta de prezo para algún dos postos que quedaron vacantes.

O órgano municipal competente, á vista da proposta da Comisión Avaliadora, resolverá o procedemento. Este acordo ou resolución notificarase ós interesados e publicarase no perfil do contratante.


A adxudicación quedará condicionada, se é o caso, á presentación da correspondente alta no IAE así como á acreditación do cumprimento de tódolos requisitos esixidos, en particular o cumprimento das obrigas tributarias.

DÉCIMA: DEREITOS E OBRIGAS.

Dereitos.

- Os adxudicatarios terán dereito ó exercicio da actividade, de acordo co establecido no presente prego.

Código Seguro de verificación: 1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==	PÁGINA 9/15
 1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==			

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13x170110230

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-4-2013

- O Concello de Lugo proporcionará puntos de auga e luz para que os adxudicatarios desenvolvan a súa actividade, non podendo sobrepassar os límites de potencia eléctrica solicitada na ficha de inscrición.

Obrigas.

- Os adxudicatarios deberán instalar o posto ou atracción infantil na parcela adxudicada, quedando prohibido calquer traspaso ou cesión do dereito.

- Os adxudicatarios teñen que decorar os seus espazos dacordo ca proposta presentada na solicitude, a cal debera obedecer as seguintes indicacións e obrigacións:

a) Os postos deberan ter unha decoración tanto exterior como no espazo interior acorde á festa recrear. Non estarán a vista plásticos nin materiais que non estean acordes ca época romana a recrear, non podéndose fixarse ou anclarse no pavimento.

b) Quedan prohibida a instalación de carpas industriais, toldos de plástico e estruturas artificiais que non sexan decoradas acordes á época.

c) Cada adxudicatario deberá poseer: unha manguera eléctrica para conectarse ao punto de luz suministrado; elementos necesarios para iluminar o seu posto, así como dun limitador de electricidade no seu posto de venda. Os adxudicatarios deberán iluminar os seus postos con bombillas de baixo consumo, as cales deberán estar disimuladas.

d) Todos os carteis, prezos e rótulos estarán adaptados a estética romana.

- Os restaurantes, tabernas, paradas de comidas e bebidas ou similares e atracción infantil que necesiten gas, lume, etc,... deberán dispor dos medios eficaces de prevención contra incendios acordes a súa montaxe, sendo obrigatorio ter como mínimo un extintor. Tal circunstancia deberá ser indicada na ficha de inscrición

- Todas as persoas que vaian estar no posto vestiran traxes e calzados acordes a época romana, durante todo o horario de apertura, non exhibindo en circunstancia algunha, obxectos utilitarios ou adornos modernos, como reloxo, teléfonos móbiles, zapatos ou outros.

- Os adxudicatarios dos restaurantes (parcelas 2, 3 y 4) están obrigados a mercar á empresa encargada do merchandising do Arde Lucus 200 vasos promocionais da festa, por parcela. O prezo de cada vaso será de 3 €.


- O servizo de cociña, utensílios e outro tipo de servizo de apoio, sempre que non estean de acordo ca época a recrear, será obrigatoriamente efectualo nun espazo diferenciado e fora do alcance do público, sempre dacordo cas regras de hixiene e seguridade e demais lexislación en vigor.

- A área de servizo, a cal inclue todo o interior do establecemento e zona de parrillas, é de acceso reservado os traballadores do establecemento, sendo estrictamente prohibido o seu acceso ao clientes. É obrigatorio o uso de pranchas de metal e similares para protexer e illar as parrillas autorizadas.

- Toda actividade de tipo alimentario esixe para o seu exercicio, inexcusablemente, estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.

- Dispoñerán de capacidade frigorífica suficiente para manter a temperaturas inferiores a 8°C a totalidad dos alimentos perecederos de consumo diario que serán así almacenados.

Código Seguro de verificación: 1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==	PÁGINA 10/15
			
1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==			

- A exposición de alimentos ó público sobre a barra ou mostrador, farase unicamente coa protección adecuada que podría ser unha simple vitrina para os de consumo inmediato, debendo ser unha vitrina frigorífica para os produtos perecedeiros de exposición estable ou prolongada.
- Os produtos de confitería, caramelos ou outros que se presente sen envolver, no poderán estar ó alcance do público e dispoñerán da protección ambiental adecuada.
- A vixilancia, especialmente o aseo e limpeza do persoal e o seu vestiario, así como a pulcritude e hixiene do posto de venda.
- Os adxudicatarios, así como todo o persoal que preste os seus servizos nelas, deberán cumprir escrupulosamente coa normativa sanitaria vixente.
- Os adxudicatarios observarán cos usuarios do servizo a oportuna afabilidade e deferencia, dentro dun trato cordial e de respecto.
- O servizo prestarase coa continuidade convida, adaptándose en todo caso o seu horario e días de apertura ó establecido para o funcionamento.
- O adxudicatario cumprirá en todo momento as instrucións de orde xeral que lle sexan formuladas pola Administración.
- Os adxudicatarios están obrigados ó cumprimento das disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo.
- Os adxudicatarios presentarán ante a Concellería De Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da lingua, para o seu selado, a lista de prezos que terá vixencia durante a festa e que deberá estar exposta nun lugar visible ó longo da mesma.
- Os adxudicatarios deberán comprometerse a que, unha vez rematada a vixencia da autorización e desmontado o posto, a parcela deberá estar nas mesmas condicións que ó inicio da actividade.
- Será responsabilidade do titular de cada posto a perfecta limpeza do terreno colindante coa recollida de toda clase de residuos. O incumprimento destas obrigas por parte do adxudicatario ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado polo adxudicatario non implicará responsabilidade ningunha para a administración contratante.
- No caso de aportar vales de comida os restaurantes das parcelas 2,3 e 4, reservaranse dúas mesas, de a lo menos 16 persoas, para a organización, no xantar e a cea.


- Obrigas específicas para a atracción infantil

O posto de atracción infantil, e para que corresponda a época da festa, os compoñentes do mesmo deberán de ser de madeira e o seu funcionamento manual, non admitindo en ningún caso o funcionamento mecánico ou eléctrico

O Excmo. Concello de Lugo resérvase o dereito de inspección permanente sobre o cumprimento, por parte do adxudicatario, das obrigas anteriormente sinaladas, tendo ademais este o deber de facilitarlle ó Concello canta información ou documentación lle solicítase calquera dos seus departamentos.

DÉCIMO PRIMEIRA: PROHIBICIÓN

Código Seguro de verificación: 1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==	PÁGINA 11/15
 1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==			

Ó montar e desmontar as instalacións e durante todo o período de vixencia da licenza queda totalmente prohibido:

- Invadir, pisar e/ou amontoar materiais nas zonas verdes, o mesmo que ancorar nelas elementos de sustentación ou de apoio das instalacións ou dos seus accesorios.
- Acumular desperdicios no exterior dos restaurantes.
- Servir bebidas de alta graduación alcohólica.
- Estragar, arrincar ou pisar as especies vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar pólas de árbores e arbustos existentes.
- Cravar elementos punzantes no pavimento, así como colocar carteis, tomas de auga, instalar abrazadeiras ou calquera outro elemento de sustentación ou apoio sobre o arborado existente.
- Todos os equipamentos de xardín (puntos de luz, bancos, papeleiras, fontes, bordes perimetrais etc.) manteranse perfectamente conservados.
- Iniciar a montaxe da actividade antes do planeamento e a autorización polos técnicos municipais e a modificación do emprazamento da actividade unha vez verificado.
- Facer publicidade de marcas que non sexan patrocinadores do Arde Lucus.
- O uso de megafonía.

O incumprimento dos puntos anteriores obrigará ao adxudicatario a compensar os danos e perdas ocasionados, de acordo coa valoración que efectúe o Concello, e poderá ser penalizado coa perda de todos os dereitos de adxudicación, obrigando a levantar inmediatamente a instalación.

DECIMO SEGUNDA: INFRACCIÓNS


Sen prexuízo da extinción da autorización polos motivos sinalados na cláusula décimo primeira, o incumprimento das obrigas sinaladas na cláusula décima ou a comisión dalgunha das prohibicións sinaladas anteriormente dará lugar á imposición de sanción consistente na perda do dereito a participar en procedementos de licitación posteriores ademáis da indemnización dos danos e perxuízos causados.

DECIMA TERCEIRA: EXTINCIÓN DAS LICENZAS.

Declararase a extinción da adxudicación:

- De mutuo acordo co Concello, cando non se cause prexuízo ó propio Concello nin a outros adxudicatarios.
- Por resolución do Concello cando:
 - * Por falta de pago das taxas ou do canon nos prazos establecidos ou antes do inicio da Festa.
 - * O adxudicatario non aboe os danos causados nin as sancións impostas.
 - * O adxudicatario se negue reiteradamente a cumprir as ordes da Administración cando comprometa a seguridade, hixiene ou sanidade dos usuarios.
 - * Exista incumprimento das obrigas de adxudicatario sinaladas na cláusula oitava ou a comisión das prohibicións a que se refire a cláusula novena.

Código Seguro de verificación:1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==	PÁGINA 12/15
			
1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==			

A extinción da licenza será efectuada polo órgano competente, despois do informe da administración, sen prexuízo do trámite de audiencia ó adxudicatario, por espazo dun día.

A extinción culpable da licenza dará lugar á incautación da fianza, á inhabilitación do industrial para ser adxudicatario dun restaurante no Arde Lucus durante os próximos CATRO ANOS e a orde de levantamento e desmontaxe do restaurante, todo isto sen prexuízo de esixirille ó adxudicatario, ante as instancias xudiciais competentes, as responsabilidades que procedan.”

ROTULO DA PARADA

ANEXO I

¿NECESITA ELECTRICIDAD?		ESPECIFICAR UTILIZACIÓN			POTENCIA SOLICITADA	
¿PRECISA BUTANO?		FECHA REVISIÓN DE INSTALACIÓN		¿DISPÓN DE EXTINTOR?		
APELLIDO 1		APELLIDO 2		NOME		CIF, NIF, DNI,
NOME DA EMPRESA						
DOMICILIO			POBOACIÓN	CP	PROV.	PAÍS
TELF.	TELF. MÓVIL	FAX		E-MAIL		
CERTIFICADO MANIPULADOR ALIMENTOS:				REXISTRO DE SANIDADE		
OFICIO OU ACTIVIDADE:						

DATOS DO VEHICULO/S DE MONTAXE:					
Matricula 1			Matricula 2		Matricula 3

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos reflexados neste documento son verídicos.

Código Seguro de verificación: 1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==	PÁGINA	13/15



1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==

Firmado o titular ou responsable da Parada

ANEXO II

Fecha solicitud: _____ de _____ de 2013

DECLARACIÓN XURADA

Dna./D. _____
_____ co NIF nº _____ en calidade de
_____ da empresa
_____ con enderezo social en
_____ e
con CIF nº _____.

DECLARO :

- 1.- Estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, co Concello de Lugo e coa Seguridade social.
- 2.- Estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe..... e ó corrente no pagamento do ultimo recibo
- 3.- Comprométome a darme de alta no Imposto de Actividades Económicas no momento da adxudicación do posto para a festa de Arde Lucus 2013.
** Os puntos 2 e 3 son alternativos. So deberá transcribir o que corresponda.*
- 4.- Cumprir coas disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo.
- 5.- Autorizo ó Concello de Lugo a solicitar que me atopo ó corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) co Concello de Lugo e coa Seguridade Social

Lugo,..... de de

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da empresa)

ANEXO III – OFERTA ECONÓMICA (a incluír obrigatoriamente dentro do sobre B)

Don/a _____ con DNI _____
e domicilio en _____, en
plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en

Código Seguro de verificación:1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFlU+NWHaIeQ==	PÁGINA 14/15




representación de _____, con DNI ou CIF nº _____), fago constar:

- a) Que solicito tomar parte no procedemento convocado polo Concello para a **AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE RESTAURANTES/POSTOS DE ELABORACION DE COMIDAS E ATRACCIÓN INFANTIL DURANTE AS FESTAS DE ARDE LUCUS 2013.**
- b) Que opto á adxudicación dos postos cos seguintes números (**indicar a orde de preferencia e fila e número**) e oferta o seguinte importe como **canon para o ano 2013 (importe global que oferta incluído o mínimo fixado nestas bases para cada parcela)**
 - 1) Posto num _____: _____ euros
 - 2) Posto num _____: _____ euros
- ou
- 3) Posto de atracción infantil: _____ euros
- c) Oferta como mellora sen custo a seguinte prestación (**so para restaurantes**):
 - * Comprometese a proporcionar.....(indicar un número) **vales de comidas** para a organización da festa de un valor de 15€ cada vale
- d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven das presentes bases e de as bases técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.
- e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.
- f) Lugo, data e sinatura."

SEGUNDO.- Publicar un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante do Concello de Lugo.

TERCEIRO.- Delegar a competencia para a resolución deste procedemento na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación ou naquel/a Concelleiro/a que legalmente a substitúa.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a do Ilmo. Sr. Don Lino José González-Dopeso García, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Secretario da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación: 1ESo2pcBBuuFLU+NWHaIeQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.			
FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/04/2013
	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	1ESo2pcBBuuFLU+NWHaIeQ==	PÁGINA 15/15
 1ESo2pcBBuuFLU+NWHaIeQ==			